

## CERTIFICACIÓN

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
2193/2022	O Pleno	18/10/2022

Francisco Javier Oubiña Lodeiro, secretario xeral do Concello de Boiro, do que é alcalde D. José Ramón Romero García

**CERTIFICO:** que o Pleno do Concello de Boiro, en sesión ordinaria celebrada o 18 de outubro de 2022, adoptou o seguinte acordo que pon fin á vía administrativa:

**“3.- Expediente 2193/2022. Aprobación, se procede, do ditame sobre a adhesión do Concello de Boiro ao Plan xeral de prevención de riscos e medidas anti-fraude da Deputación da Coruña (PREMADECOR)**

“ ...

Sométese a ditame a votación sendo este aprobado por unanimidade dos membros presentes (15). En consecuencia queda aprobado o ditame sobre a adhesión do concello de Boiro ao plan xeral de prevención de riscos e medidas anti-fraude da Deputación da Coruña quedando o acordo redactado do seguinte xeito:

“O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en adiante PRTR, configúrase coa un instrumento orientado a mitigar os impactos da pandemia da COVID-19, así coma para transformar a sociedade, cos obxectivos de modernizar o tecido produtivo, impulsar a “descarbonización” e o respecto do medio ambiente, fomentar a dixitalización, e a mellora das estruturas e recursos adicados a investigación e formación, conseguindo a maior capacidade da sociedade para superar os problemas provocados pola pandemia.

Mediante o Real decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban as medidas urxentes para a modernización das Administracións Públicas e para a execución do PRTR, dispón diversas adaptacións dos procedementos habituais coa finalidade de facilitar unha xestión eficaz e eficiente dos fondos.

O Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021 sinala que os procedementos deberán contemplar unha serie de requisitos para alcanzar diversos obxectivos, entre os que se atopa a loita contra o fraude e a corrupción.

Consecuentemente, mediante a Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, configúrase o sistema de xestión do PRTR, incluíndo no seu artigo 6, a obriga de dispor dun plan de medidas anti-fraude por parte de toda entidade, decisora ou executora que participe na execución das medidas do PRTR, de xeito que se permita garantir e declarar que os fondos correspondentes se utilizaron conforme ás normas de prevención, detección e corrección do fraude, corrupción e os conflitos de interese.

Visto que o Concello de Boiro opta a varias axudas financiadas cos fondos PRTR e xa é executor dun dos proxectos vinculado á liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización, referida en concreto á modernización do centro comercial aberto do Concello de Boiro, a comisión informativa permanente nº 2 emite o seguinte ditame:

Primeiro. Adherirse ao Plan xeral de prevención de riscos e medidas anti-fraude da Deputación da Coruña (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios. Incorporase ao expediente o texto completo do plan cos seus anexos, coma anexo I a esta proposta.

Segundo. Difundir os códigos de bo goberno local da FEMP (incorporado ao plan provincial) e o código de conduta e principios aplicable aos traballadores municipais, achegados coma anexos II e III



a esta proposta, mediante a súa inserción no portal de transparencia.

Así mesmo, incorpórase coma documento de obrigada cumprimentación nos diferentes expedientes a declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI), que se achega coa anexo IV.”

Boiro, na data sinalada ao marxe

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

